

DOMINGO 06 PASCUA CICLO B

PRIMEIRA Feit 10, 25-26. 34-35. 44-48

Tamén entre xentís foi derramada a graza do Espírito Santo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Cando Pedro ía entrar, foi Cornelio á porta e botádoselle aos pés, prostrouse. Pero Pedro levantouno, dicíndolle:

- Érguete, que eu tamén son un home.

Tomou entón Pedro a palabra e dixo:

- Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta ao que lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa. Aínda Pedro estaba a dicir estas cousas, cando o Espírito Santo veu sobre todos os que escoitaban a palabra. Todos os crentes da circuncisión, que viñeran con Pedro, ficaron cheos de asombro, ao veren que o don de Espírito Santo tamén se espallaba sobre os pagáns, pois sentíanos falar en linguas e louvar a Deus. Entón Pedro dixo:

- Pode alguén negarlle a auga do bautismo aos que recibiron o Espírito Santo o mesmo ca nós?

E mandou que os bautizasen no nome de Xesús Cristo. Entón pedíronlle que quedase con eles algúns días.

SALMO RESP. Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4

R/ (cf 2b): O Señor revela a súa xustiza ante os pobos.

Ou: Aleluia

Cantádelle ao Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas,
a súa dereita e o seu brazo
déronlle a vitoria.

O Señor dá a coñecer a súa salvación,
revela a súa xustiza ante os pobos.
Lembra o seu amor e a súa fidelidade
coa casa de Israel.

Os pobos todos verán
a salvación do noso Deus.
Aclama ao Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar.

SEGUNDA 1 Xn 4, 7-10
Deus é amor

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN XOÁN

Meus amigos, amémonos uns aos outros, porque o amor vén de Deus; e todo aquel que ama naceu de Deus e coñece a Deus. O que non ama, aínda non coñece a Deus, porque Deus é amor.

O amor de Deus fíxose ver entre nós en que Deus mandou ao mundo o seu Fillo Unixénito, para que nos dese a súa vida. Hai amor dentro de nós, non porque nós teñamos amado a Deus, senón porque El nos amou a nós e mandou o seu Fillo para que expiase os nosos pecados.

ALELUIA Xn 14, 23
*Quen me ama, cumprirá a miña palabra, di o Señor;
e o meu Pai amarao e viremos a el*

DOMINGO 06 PASCUA CICLO B

EVANXEO Xn 15, 9-17
Ninguén ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Coma me amou o Pai, así vos ameí eu: permaneced no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, coma eu gardei os mandamentos de meu Pai, e permanezo no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena.

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos ameí. Ninguén ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando. Xa non vos chamo servos, que o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer. Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ao Pai no meu nome, volo conceda. Mándovos isto: que vos amedes uns a outros.